

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 24 DE NOVIEMBRE DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e catro de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ (que se incorpora á sesión no punto número 6/737 da orde do día) e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA (que se incorpora á sesión no punto número 24/755 da orde do día). Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 17 de novembro de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela de reemprazo número 3, polígono 2, Louzaneta-Areeiras, rúa Barbeito; para a construción dunha vivenda unifamiliar na parcela de reemprazo número 1, polígono 2, Louzaneta-Areeiras, rúa Barbeito; para construír unha fosa de xurro e ampliación de silo de forraxe, en Lamaboa-San Xoán do Campo; para ampliación de explotación gandeira complementaria á actividade de vivenda rural sita en Castro Alfonsín, número 7, Parroquia de Saá; para reestruturación total por declaración de ruína e ampliación de edificio na ronda da Muralla, número 95; para ampliación de nave para almacén de produtos agrarios en Lamaboa-San Xoán do Campo; para cambio de uso de local comercial a garaxe de uso privado (grao 1º) na planta baixa do edificio sito na rúa Monte Adairo, número 10 e para reforma de planta baixa para óptica na rúa Quiroga Ballesteros, número 1.

2. PLANEAMENTO.- Acórdase a ratificación do convenio urbanístico para a execución do planeamento (acta de cesión de terreos con reserva de aproveitamento urbanístico) relativo á cesión de parte da parcela número 7 do polígono “C” da modificación puntual do PXOU na Ponte da Estación-Ponte Romai.

Tamén se acorda a ratificación do convenio urbanístico para a execución do planeamento (acta de cesión de terreos con reserva de aproveitamento urbanístico) relativo á cesión de parte da parcela número 9 do Polígono “C” da modificación puntual do PXOU na Ponte da Estación-Ponte Romai.

Así mesmo, acórdase a ratificación do convenio urbanístico para a execución do planeamento (acta de cesión de terreos con reserva de aproveitamento urbanístico) relativo á cesión de parte da parcela número 11 do polígono “C” da modificación puntual do PXOU na Ponte da Estación-Ponte Romai.

Do mesmo xeito, acórdase a ratificación do convenio urbanístico para a execución do planeamento (acta de cesión de terreos con reserva de aproveitamento urbanístico) relativo á cesión de parte da parcela número 12 do polígono “C” da modificación puntual do PXOU na Ponte da Estación-Ponte Romai.

Acórdase a ratificación do convenio urbanístico para a execución do planeamento (acta de cesión de terreos con reserva de aproveitamento urbanístico) relativo á cesión de parte da parcela número 13 do Polígono “C” da modificación puntual do PXOU na Ponte da Estación-Ponte Romai.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento dos servizos extraordinarios levados a cabo por persoal adscrito ao Servizo de Intervención e a aprobación da forma de compensación.

Dáse de conta do escrito presentado en relación co acordo da Xunta de Goberno Local do 14 de outubro de 2010.

Acórdase o nomeamento dun Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas do Excmo. Concello de Lugo.

Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios a levar a cabo por persoal adscrito ao Servizo de Actas e Goberno por mor da emisión do informe preceptivo sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal e da aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a continuación da prestación do servizo de asistencia sanitaria para os funcionarios integrados e outros do Concello de Lugo polo período de seis meses contados dende o 1 de decembro de 2010.

Acórdase a prórroga do contrato suscrito coa empresa adxudicataria do servizo de cociña na Escola Infantil Municipal “Gregorio Sanz” polo prazo de un ano contado a partir do 27 de novembro de 2010.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada para a contratación da realización das actividades de ensinanza deportiva e servizos complementarios nas instalacións deportivas de “As Pedreiras” e outras instalacións deportivas municipais e da apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo de cociña para a Escola Infantil “Serra de Outes” do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Apróbase o expediente de mutación demanial subxectiva para transmitir a titularidade da parcela e 10 D do Polígono Sur –K, propiedade do Concello de Lugo, á Universidade de Santiago de Compostela para destinala como finca para actividades de prácticas e investigación.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para construción de nave para almacén de ferramentas de xardinería e apeiros de labranza en Santiago de Meilán.

ACTAS E GOBERNO

LRP/cvr

Ref#: 10extractoxg53.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-11-2010

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para instalación de estación base de telefonía móbil na rúa Rei Don García, 25.

Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para construción de tabique na azotea do edificio sito na rúa Nogueira, 5.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a modificación do II plan estratéxico en materia de subvencións do Concello de Lugo 2008-2011, actualización 2010, no relativo ás contías asignadas nas materias de alugamento e mellora da accesibilidade de vivenda.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase declarar deserto o procedemento e nova convocatoria mediante procedemento negociado na contratación do servizo de atención telefónica ós cidadáns (010) no Concello de Lugo.

Lugo, 24 de novembro de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García